2	MONITOR DE TEMPO LIBRE	7	2	50%

Funcións do posto:

Realización das actividades lúdico-deportivas dentro do servizo de ocio: xogos cooperativos, psicomotricidade, saídas a lugares do noso pobo, actividades na praia, rutas, xogos de mesa, manualidades, actividades de educación ambiental...

Todo isto conforme o disposto no Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, na Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, na Lei 2/2015 de emprego público de Galicia, e demais normas concordantes de aplicación.

As bases íntegras publicaranse no BOP de Lugo, na sede electrónica (<https://burela.sedelectronica.es>) e no taboleiro de anuncios do Concello e estarán a disposición dos /das interesados no Rexistro Xeral do Concello; igualmente remitiranse á Deputación Provincial para a súa publicación na páxina web institucional.

Toda a documentación que se publique con posterioridade a convocatoria será obxecto de publicidade mediante o correspondente anuncio no taboleiro de edictos sito na casa consistorial e no taboleiro de anuncios dixital, exclusivamente. O acceso ao taboleiro de anuncios dixital realizase a través da sede electrónica do Concello de Burela (<http://burela.sedelectronica.es>).

**2.- DURACIÓN E TIPO DE CONTRATO**

A natureza do contrato será laboral temporal na modalidade de contrato eventual por circunstancias da produción a tempo parcial (50% da xornada) e a súa duración será de dous meses a contar dende a súa sinatura, rematando en todo caso o 31 de outubro de 2022.

O/a aspirante seleccionado/a e contratado/a percibirá as retribucións establecidas no Convenio colectivo aplicable ao persoal laboral do Concello de Burela en proporción á xornada de traballo e co seguinte desglose bruto mensual: salario grupo C2 (328,09 €), complemento de destino nivel 16 (191,60 €), complemento específico (66,50 €) e parte proporcional de paga extra (97,20 €).

**3.- REQUISITOS DE ADMISIÓN DE ASPIRANTES.**

Para ser admitidos/as á realización destas probas selectivas, os/as aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos:

a) Ter nacionalidade española ou ter nacionalidade doutro Estado co alcance que se sinala no artigo 57 do RD Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

b) Acreditar a capacidade funcional para o desempeño das funcións propias do posto. En consecuencia non padecer enfermidade ou defecto físico que impida o desenvolvemento das funcións do cargo.

c) Ter cumpridos dezaseis anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.

d) Estar en posesión do título de graduado en educación secundaria obrigatoria, graduado en educación secundaria, graduado escolar ou técnico auxiliar ou bacharel elemental.

No caso de alegar equivalencias de títulos achegarase o certificado ao efecto da Consellería de Educación ou organismo competente. No caso de titulacións obtidas no estranxeiro, deberán ter o documento que acredite de maneira fidedigna a súa homologación.

- e) Estar en posesión do título de monitor de ocio e tempo libre expedido ou homologado pola Xunta de Galicia.
- f) Non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera a das Administracións Públicas, ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso a corpos ou escalas de persoal funcionario, ou para exercer funcións similares as que desempeñaban no caso de persoal laboral, no que fora separado ou inhabilitado.

No caso de ser nacional doutro Estado, non encontrarse inhabilitado ou situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

- g) Non atoparse incurso/a en ningunha das causas de incapacidade que determine a lexislación vixente.

- h) Carecer de antecedentes no Rexistro Central de delinquentes sexuais.

- i) Ter a condición de persoa desempregada ou en situación de mellora de emprego. De acordo co establecido no último parágrafo do artigo 7.1 das Bases reguladoras do Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos 2021 "É imprescindible que as persoas a contratar a través deste programa produzan novas contratacións no concello, polo que a situación ou procedencia dos candidatos debe provir de situación de desemprego ou de mellora de emprego con independencia de que a xornada laboral sexa parcial ou completa, quedando excluídos os custos de persoal referidos a traballadores incluídos no cadro de persoal vixente do concello."

Os requisitos citados deberán reunirse con referencia ó derradeiro día do prazo de presentación de instancias, debendo continuar en posesión dos mesmos durante todo o proceso selectivo.

Se en calquera momento do proceso selectivo chegara a coñecemento do tribunal que algún dos/das aspirantes non posúe a totalidade dos requisitos esixidos na respectiva convocatoria, logo da audiencia do/da interesado/a, o tribunal de selección deberá propor ao alcalde a súa exclusión indicando as inexactitudes ou falsidades observadas para os efectos procedentes.

#### 4. - FORMA E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE INSTANCIAS

**4.1. Forma de presentación.** Os/as interesados/as que desexen participar no proceso selectivo dirixirán as súas solicitudes ao Sr. Alcalde do Concello de Burela e presentaranas no Rexistro Xeral da citada entidade en horario presencial de 9,00 a 14,00 horas ou mediante rexistro telemático as 24 horas. Así mesmo poderán remitirse na forma establecida no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (coa excepción establecida na súa disposición final sétima). Non obstante, de cara a axilización do proceso, os/as aspirantes que presentasen a instancia en calquera das formas previstas no artigo 16.4 da Lei 39/2015 deberán poñelo en coñecemento da entidade mediante fax (982585945) ou mediante correo electrónico (controldexestion@burela.org) antes de rematar o prazo de presentación de solicitudes, remitindo o impreso de instancia debidamente cumprimentado e co selo de entrada no rexistro correspondente.

O impreso de instancia axustarase ao modelo oficial que se facilitará no Rexistro xeral do Concello, publicándose así mesmo na sede electrónica (<http://burela.sedelectronica.es>).

As solicitudes que se presenten a través da oficina de correos, deberán entregarse en sobre aberto para ser seladas e datadas polo empregado do Servizo de Correos.

**4.2. Prazo de presentación.** O prazo de presentación será de 7 días naturais contados dende o día seguinte ao da publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo (BOP). Si o último día do prazo é inhábil, trasladarase ó primeiro día hábil seguinte.

**4.3. Forma de cumprimentar.** A solicitude de participación no proceso selectivo deberá ser cumprimentada debidamente polos/as aspirantes e nela relacionarán, nos apartados correspondentes, os méritos que aleguen.

#### 5.- DOCUMENTACIÓN QUE DEBERÁ ACOMPAÑAR NECESARIAMENTE Á SOLICITUDE.

- a) Fotocopia do DNI ou tarxeta acreditativa da súa identidade no caso de estranxeiros.
- b) Fotocopia do título académico esixido. No caso de titulacións obtidas no estranxeiro deberá posuír o documento que acredite de maneira fidedigna a súa homologación.
- c) Fotocopia do título de monitor de ocio e tempo libre,
- d) Tarxeta de demanda de emprego actualizada ou documento acreditativo de estar desempregado ou, no seu caso, de mellora de emprego.
- e) Documentación acreditativa dos méritos alegados.

Deberase acompañar á solicitude as xustificacións documentais debidamente compulsadas dos méritos que desexen alegar en relación coa praza que se convoca.

Non se valorarán os méritos que non estean acreditados documentalmente ou que, a xuízo do Tribunal, non estean suficientemente acreditados.

Os méritos aos que se fai referencia deberán posuírse na data de remate do prazo de presentación de instancias, computándose en calquera caso ata a citada data.

A non acreditación dos méritos alegados conforme se sinala no apartado anterior determinará que estes non serán tidos en conta polo Tribunal nin se valorarán aínda que se acrediten fora do prazo de presentación de instancias xa que non poderá emendarse. Tampouco se requirirá aos/ás interesados/as para que os acrediten.

Nos supostos de presentación por vía electrónica substitúese a esixencia de presentación de fotocopia da documentación pola de presentación de copia dixitalizada.

Coa presentación da instancia para tomar parte no proceso selectivo entenderase que os/as interesados/as aceptan e acatan todas e cada unha das bases desta convocatoria.

## 6.- LISTA DE ADMITIDOS/AS E EXCLUÍDOS/AS.

**6.1. Lista provisional.** Rematado o prazo de presentación de instancias, a Alcaldía ditará resolución aprobando a lista provisional de aspirantes admitidos/as e excluídos/as (neste caso con indicación das causas que dean lugar á exclusión), que se fará pública na sede electrónica (<https://burela.sedelectronica.es>) e no Taboleiro de Edictos do Concello, exclusivamente.

Ademais, en dita resolución fixaranse os titulares e os suplentes que conformarán o Tribunal Cualificador.

Figurar na relación de admitidos non suporá que se lles recoñeza aos aspirantes estar en posesión dos requisitos esixidos nos procedementos que se convocan. Cando da documentación que debe presentarse logo de ter superado o procedemento de selección se desprenda que non posúen algún dos requisitos, os/as interesados/as decaerán en tódolos dereitos que se puidesen derivar da súa participación no procedemento de selección.

**6.2. Prazo de alegacións.** Concederáse un prazo improrrogable de 3 días hábiles para reclamacións á lista provisional e emenda de defectos, a contar dende o seguinte ao da súa publicación na sede electrónica e no Taboleiro de Edictos do Concello. Si o último día do prazo é inhábil, trasladarase ó primeiro día hábil seguinte.

As alegacións deberán presentarse por calquera dos medios establecidos no artigo 16.4 da Lei 39/2015.

Dado o carácter urxente da convocatoria, a presentación de reclamacións por calquera outro medio distinto ao de presentación no Rexistro Xeral do Concello de Burela, deberá se comunicada por fax (982585945) ou correo electrónico ([controldexestion@burela.org](mailto:controldexestion@burela.org)) dentro do prazo de 3 días hábiles sinalado anteriormente.

O prazo de emenda non é de aplicación respecto dos méritos alegados pero non aportados. Os erros de feito poderanse emendar en calquera momento, de oficio ou por pedimento dos interesados, de acordo co disposto no artigo 109.2 da Lei 39/2015.

**6.3. Lista definitiva.** As reclamacións/alegacións sobre as exclusións provisionais serán aceptadas ou rexeitadas na resolución pola que se aprobe a lista definitiva, que se fará pública da mesma maneira que a provisional.

Para os efectos de axilizar o procedemento, de non presentarse reclamacións dentro do prazo establecido ou se as alegacións non foran suficientes para a súa consideración, a resolución de admitidos/as e excluídos/as poderase entender elevada a definitiva, sen necesidade de nova publicación. No caso de non existir excluídos a lista provisional ditarase con carácter de definitiva.

## 7.- TRIBUNAL DE SELECCIÓN.

**7.1.- Composición do Tribunal.** O Tribunal de selección acomodarse ao establecido nos artigos 60 e 61 do EBEP e estará integrado por 5 membros titulares e 5 suplentes (1 presidente e 4 vogais) podendo actuar indistintamente titulares e suplentes. O secretario será un dos vogais.

Os membros do Tribunal terán todos voz e voto.

O nomeamento dos membros titulares e suplentes que constitúan o Tribunal seleccionador, realizarase por Decreto da Alcaldía, debendo pertencer, en calquera caso, ao grupo/subgrupo de clasificación profesional de titulación de igual nivel ou superior ás esixidas para o acceso á praza/posto.

O Tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia de polo menos tres dos seus membros, xa sexan titulares ou suplentes, e en todo caso requírese a asistencia do Presidente e do Secretario ou dos seus suplentes. De tódalas reunión que faga o Tribunal, o secretario/a redactará acta.

A pertenza aos órganos de selección será sempre a título individual, non podendo ostentarse esta en representación ou por conta de ningún.

Na composición do Tribunal de selección tenderase á paridade entre homes e mulleres. Non poderán formar parte dos Tribunais de selección as persoas de elección ou designación política, os funcionarios interinos, persoal laboral temporal e o persoal eventual nin as persoas que nos cinco anos anteriores á publicación da convocatoria realizasen tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas ou colaborasen durante ese período con centros de preparación de opositores.

A Resolución pola que se aprobe a lista provisional de aspirantes admitidos e excluídos coa designación dos membros do Tribunal que incluírá os seus respectivos suplentes, farase pública na sede electrónica e no taboleiro de anuncios do Concello a efectos de recusación.

**7.2.- Abstención e recusación.** Os membros do Tribunal de selección deberán absteranse de intervir, comunicándollos ao órgano convocante, cando concorra neles algunha das circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, e cando tivesen realizado tarefas de preparación de aspirantes durante os cinco anos anteriores á publicación desta convocatoria.

O Presidente poderá requirir aos membros do mesmo declaración expresa de non atoparse incurso en causa de abstención.

Así mesmo, os interesados poderán promover a recusación de acordo co sinalado no artigo 24 da citada norma.

**7.3.- Actuación do Tribunal.** O Tribunal de selección constituirase na data que designe a Alcaldía, entendéndose validamente constituído cando asista a maioría absoluta dos seus membros titulares ou suplentes, coa presenza, en todo caso, do Presidente e do Secretario. Na sesión constitutiva adoptaranse as decisións pertinentes para o correcto desenvolvemento do proceso selectivo.

A partir da sesión de constitución, o Tribunal de selección, para actuar validamente, requirirá que estean presentes a maioría absoluta dos seus membros, titulares ou suplentes, e axustará as súas actuacións en todo momento ao disposto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e ás bases reguladoras da correspondente convocatoria.

O Tribunal de selección resolverá por maioría de votos dos seus membros presentes tódalas dúbidas e propostas que xurdan a carón da aplicación das normas contidas nestas bases e estará facultado para resolver as cuestións que se poidan producir durante a realización do sistema selectivo, así como para adoptar as medidas necesarias que garantan a debida orde en todo o que non estea previsto nas bases.

Os membros do Tribunal son persoalmente responsables do cumprimento das bases da convocatoria e da suxeición aos prazos establecidos para a realización e valoración das probas e para a publicación dos seus resultados.

Os seus acordos serán impugnables nos supostos e na forma establecida pola Lei 39/2015, de 1 de outubro, xa citada.

## **8. - SISTEMA DE SELECCIÓN: CONCURSO DE MÉRITOS.**

O procedemento de selección constará das seguintes fases:

### **8.2.1 Baremo de méritos.**

O Tribunal puntuará os méritos acreditados polos/as aspirantes segundo se determina na base 9, conforme ao sinalado no presente baremo:

#### **a) Formación académica (ata un máximo de 1,50 puntos):**

- Grao en psicoloxía, psicopedagogía, educación social, traballo social ou en mestre en todas as especialidades: 1,50 puntos.

- Técnico superior en animación sociocultural, integración social ou animación de actividades físicas e deportivas: 1 punto.

#### **b) Cursos, xornadas ou similares que versen sobre materias relativas ao posto de traballo, ata un máximo de 3 puntos con arranxo á seguinte escala:**

- De máis de 100 horas: 1 punto.

- De 71 a 100 horas: 0,75 puntos.

- De 21 a 70 horas: 0,50 puntos.

- De 10 a 20 horas: 0,25 puntos.

- Inferior a 10 horas e asistencia a xornadas, congresos e convencións: 0,10 puntos.

De non figurar as horas de duración entenderase que teñen menos de 10 horas. Non se puntuarán as materias que formen parte dunha titulación académica.

#### **c)- Experiencia profesional, ata un máximo de 1,50 puntos:**

Por servizos prestados na Administración Pública ou en empresas ou entidades privadas como monitor/a de ocio e tempo libre: 0,15 puntos por cada mes de servizo completo.

Os meses consideraranse de 30 días naturais. Quedarán rexeitadas as fraccións de tempo traballadas inferior ao mes completo de servizo, logo da suma de todo o período de traballo.

O computo dos días de experiencia profesional realizarase conforme aos días acreditados na certificación de servizos prestados ou no informe de vida laboral.

d) Cursos oficiais de lingua galega ou validación correspondente. Ata un máximo de 0,50 puntos.-

- Celga 3, curso de iniciación, a súa validación, a proba libre de iniciación, curso de nivel elemental de lingua e cultura galegas para estranxeiros, 1º curso Escola Oficial de Idiomas: 0,25 puntos.

- Celga 4, Curso de perfeccionamento da lingua galega, a súa validación, curso básico de linguaxe administrativa galega, curso básico de linguaxe xurídica galega e curso de nivel medio de lingua e cultura galega para estranxeiros, 1º e 2º e 3º curso da escola oficial de idiomas; 0,50 puntos.

En caso de acreditar máis dun grao de coñecemento, só se computará o de maior puntuación.

e) Por estar en posesión do permiso de conducir tipo B : 0,50 puntos.

Ningún mérito poderase utilizar para puntuar en máis dun apartado

### 8.2.2. Entrevista curricular

A entrevista terá como finalidade apreciar o grao de madurez, grao de formación xeral e técnica e experiencia en relación coas funcións do posto.

Valorarase principalmente a actitude e aptitude para o emprego que se convoca.

A entrevista será obrigatoria, sendo eliminados do proceso selectivo aqueles/as aspirantes que non se presenten a súa realización.

Cualificarase ata un máximo de 3 puntos.

## 9.-FORMA DE ACREDITAR OS MÉRITOS

9.1. Titulacións académicas: copia compulsada do documento acreditativo de posuír a titulación correspondente ou documentación acreditativa de estar en condicións de obtelo, aportando neste caso, certificación académica de que se realizaron todos os estudos para a súa obtención xunto co recibo acreditativo de ter efectuado o pago correspondente dos dereitos de expedición.

No caso de titulacións obtidas no estranxeiro deberá posuír o documento que acredite de maneira fidedigna a súa homologación.

9.2. Cursos, xornadas ou similares: copia compulsada do correspondente diploma no que debe constar a duración do curso en horas e, como mínimo, o título do mesmo ou ben certificación expedida polo organismo que o impartiu no que se fagan constar os mesmos datos.

Non se valorarán os cursos que a xuízo do Tribunal non estean debidamente acreditados ou non teñan relación coas funcións do posto.

9.3. A experiencia acreditarase mediante a correspondente certificación expedida polo organismo oficial no que se prestaron no caso de servizos na Administración Pública e/ou contrato de traballo inscrito no Servizo Público de Emprego ao que deberá achegarse certificado de empresa no que conste a data de remate dos servizos prestados.

De non aportarse o certificado de empresa deberá achegarse certificado de vida laboral expedido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social ( contrato de traballo + certificado de empresa ou vida laboral).A non presentación de ambos documentos suporá a non valoración do mérito alegado

9.4. Permiso de conducir: Fotocopia compulsada do permiso de conducir

## 10.- LUGAR, DATA E CELEBRACIÓN DA ENTREVISTA.

Determinarase polo Tribunal unha vez que remate o prazo de presentación de instancias, facéndose público no mesmo anuncio que a lista provisional de admitidos ao proceso.

Os/as aspirantes serán convocados en chamamento único, sendo excluídos/as os/as que non comparezan.

Os/as aspirantes deberán presentarse provistos/as do DNI ou documento fidedigno acreditativo da súa identidade.

## 11.- CUALIFICACIÓN FINAL.

A cualificación final de cada aspirante virá determinada pola suma das puntuacións obtidas nos diversos apartados da fase de concurso, establecendo para estes efectos a orde definitiva de aspirantes seleccionados/as.

En caso de empate na puntuación final de dous ou máis aspirantes, acudirase para resolvelo á puntuación obtida nos apartados do baremo pola orde na que figuran na base 8ª.

Unha vez fixadas as cualificacións finais, o Tribunal publicará na sede electrónica (<https://burela.sedelectronica.es>) e no Taboleiro de Edictos do Concello a relación dos/das aspirantes que superaron o proceso selectivo por orde de puntuación.

## 12.- PROPOSTA DE CONTRATACIÓN.

Rematadas as probas o Tribunal aprobará a relación de aspirantes en orde de maior a menor puntuación total, proponendo ao Sr. Alcalde para a súa contratación ao/á aspirante que encabece dita relación, sen que poidan ser propostos máis aspirantes que postos a cubrir.

As propostas de selección que contraveñan este límite serán nulas de pleno dereito.

A proposta publicarase na sede electrónica e no Taboleiro de Edictos do Concello.

## 13.-PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN.

No prazo de 5 días naturais contados a partir do seguinte ao da publicación da proposta de selección na forma sinalada na base 12ª (prazo que poderá ampliarse cando os seleccionados acrediten que non puideron presentar algún documento por causas alleas á súa vontade), os/as aspirantes propostos/as presentarán con anterioridade á sinatura do contrato a documentación acreditativa dos requisitos expresados na Base 3ª:

- a) Copia auténtica ou fotocopia compulsada do DNI ou tarxeta acreditativa da súa identidade no caso de estranxeiros.
- b) Copia auténtica ou fotocopia compulsada do título académico esixido e do título de monitor de ocio e tempo libre
- c) Certificado médico acreditativo de non padecer enfermidade nin defecto físico que impida o desempeño das funcións propias do posto.
- d) Declaración responsable de non ter sido separados do servizo das administracións públicas e non estar incurso nalgunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade determinadas na lexislación vixente.
- e) Certificado actualizado da Oficina do Servizo Público de Emprego da localidade onde estea inscrito como desempleado/mellora de emprego, no que conste esta circunstancia.
- f) Certificado acreditativo de carecer de antecedentes no Rexistro Central de delinquentes sexuais
- g) Fotocopia da cartilla da S.S e certificación do nº de conta bancaria cos 20 díxitos para o ingreso da nómina.

Se o/a aspirante non presentase a documentación ou do exame da mesma se infira que carece dalgún dos requisitos relacionados na Base 3ª, non poderá ser contratado/a e perderá tódolos seus dereitos, sen prexuízo das responsabilidades en que houbese podido incorrer.

No caso de presentarse a documentación a través da sede electrónica do Concello de Burela, admitirase que se acredite mediante a achega de copia auténtica (cos requisitos e conforme ao establecido no artigo 27 da Lei 39/2015, do 2 de outubro), documento electrónico orixinal ou que conteña un código xerado electronicamente ou outro sistema de verificación que permita contrastar a autenticidade da copia mediante o acceso aos arquivos electrónicos do órgano ou organismo público emisor.

## 14.- RESOLUCIÓN E CONTRATACIÓN .

Á vista da proposta do Tribunal e constatado que os/as aspirantes acreditaron os requisitos esixidos para acceder as prazas que se convocan, o Alcalde resolverá o procedemento selectivo decidindo a contratación como persoal laboral non permanente.

Ata que non se formalice o contrato, o/a aspirante proposto/a non terá dereito a percibir cantidade económica algunha.

## 15.- ELABORACIÓN DUNHA LISTA DE RESERVA .

O Tribunal establecerá unha lista de reserva cos/coas aspirantes que teñan superado o proceso e por rigoroso orde de puntuación, para cubrir as vacantes que se poidan producir antes da sinatura ou durante o prazo de duración do contrato. Os chamamentos ofreceranse no momento no que se produzan necesidades de cobertura temporal que a entidade decida atender, chamando sempre por orde de lista de reserva. De darse o caso, o/a aspirante deberá presentar no concello con carácter previo á formalización do contrato a documentación recollida na cláusula 12ª.

## 16.- DEREITO SUPLETORIO E XURISDICIÓN.

O Tribunal poderá resolver as dúbidas que se presenten e tomar os acordos necesarios para o bo desenvolvemento do proceso selectivo.

No non sinalado nas presentes bases, estarase ao establecido na normativa básica sobre selección de persoal ao servizo da Administración Local e demais normas que resulten de aplicación, instándose aos órganos competentes da Xurisdición Contencioso-Administrativa para dirimir as controversias que se produzan na aplicación dos mencionados instrumentos xurídicos.

## 17.- RECURSOS.

Contra a resolución pola que se aproban as bases desta convocatoria, que é definitiva en vía administrativa, poderán os/as interesados/as interpoñer potestativamente recurso de reposición ante o Sr. Alcalde-Presidente



do Concello de Burela, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación segundo o previsto nestas bases ou directamente recurso contencioso administrativo, ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses e na forma prevista na Lexislación reguladora de dita Xurisdición, sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro que estime procedente.

#### 18.- DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

Os/as interesados/as autorizan ao Concello de Burela á publicación no taboleiro de edictos e na sede electrónica do Concello, dos datos persoais que consten no expediente da selección e que sexa necesario publicalos de conformidade con estas bases. A presentación da documentación requirida para participar no proceso de selección presumirá o consentimento para publicar a información nos termos indicados.

Burela, 28 de maio de 2021.- O alcalde, Alfredo Llano García.

R. 1627

### CHANTADA

#### *Anuncio*

#### CONTA XERAL 2020

En cumprimento de canto dispón o artigo 212 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e unha vez que foi informada favorablemente pola Comisión Especial de Contas, en sesión de data 31 de maio de 2021, expónse ó público a Conta Xeral correspondente ó exercicio orzamentario do ano 2020 polo prazo de quince días, durante os cales , os interesados poderán presentar reclamacións, reparos e observacións que teñan por conveniente.

Chantada, 1 de xuño de 2021.-O Alcalde, Manuel L. Varela Rodríguez.

R. 1628

### LOURENZÁ

#### *Anuncio*

Aprobado inicialmente polo Pleno do Concello, en sesión celebrada o día 31/05/2021, o expediente de MODIFICACIÓN DE CRÉDITO Núm.1/2021 con cargo ó Remanente Líquido de Tesourería, en cumprimento do disposto no artigo 169.1 por remisión do 177.2 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, sométese a información pública polo prazo de quince días hábiles, a contar dende o día seguinte ao da publicación do presente anuncio neste Boletín Oficial da Provincia.

Durante devandito prazo poderá ser examinado por calquera interesado nas dependencias municipais para que se formulen as alegacións que se estimen pertinentes.

Así mesmo, estará a disposición dos interesados na sede electrónica deste concello[<http://concellodelourenza.sedelectronica.gal>].

Se transcorrido devandito prazo non se presentaron alegacións, considerarase aprobado definitivamente devandito Acordo.

Lourenzá, 31 de maio do 2021.- A Alcaldesa, Rocío López García.

R. 1629

#### *Anuncio*

Aprobados provisionalmente, polo Pleno da Corporación, na sesión extraordinaria de 31/05/2021, os expedientes de Modificación das ORDENANZAS FISCAIS seguintes:

ORDENANZA FISCAL NÚM.1, REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES DE NATUREZA URBANA.

ORDENANZA FISCAL NÚM.2- REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE INSTALACIÓNS, CONSTRUCIÓNS E OBRAS.

ORDENANZA FISCAL NÚM.26- REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE ACTIVIDADES ECONÓMICAS.

expóñense ó público na Secretaría do Concello, durante o prazo de trinta días hábiles, contados a partir do seguinte ó da inserción do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia, podendo os interesados examinar dito expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas, que deberán dirixir ó Presidente da Corporación. Lourenzá, 21 de maio do 2020.- A Alcaldesa, Rocío López García.

R. 1630

## LUGO

*Anuncio***DECRETO****ILMA. SRA. DONA MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, TENENTA DE ALCALDESA DELEGADA DA AREA DE GOBERNANZA: ECONOMÍA E RECURSOS HUMANOS DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO.**

A Xunta de Goberno Local do Concello de Lugo, en sesión ordinaria celebrada o día trece de febreiro de dous mil oito, adoptou, entre outros, o acordo número 17/146, de aprobación das bases xerais polas que se establecen as normas para a selección de persoal laboral temporal (contratado laboral interino ou contratado laboral temporal) para prestar servizos no Concello de Lugo sendo publicado dito acordo no BOP de Lugo, número 46, de data 25 de febreiro de 2008.

Á vista de que a Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria, celebrada o día 26 de maio de 2019, acorda tamén, a aprobación das bases do proceso selectivo para a cobertura temporal dunha praza de técnico/a de comunicación na oficina Europe Direct (Grupo profesional II).

Esta Concellería, en virtude das atribucións conferidas á Alcaldía polo artigo 124 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime Local e tendo en conta o Decreto número 2973/2021 do 16 de abril de 2021, **RESOLVE:**

**Primeiro.-** Convocar o proceso selectivo para a selección de un/unha praza de técnico en comunicación para na oficina Europe Direct, que se rexerá polas bases que a continuación se transcriben:

**“BASES DO PROCESO SELECTIVO PARA A COBERTURA TEMPORAL DE UNHA PRAZA DE TÉCNICO/A EN COMUNICACIÓN NA OFICINA EUROPE DIRECT”****1º OBXECTO DA CONVOCATORIA:**

A contratación laboral temporal dun Técnico en Comunicación, dentro da execución do proxecto Europe Direct, desde o 1 de maio ata o 31 de decembro de 2021 (prorrogable por anualidades completas ata o 31 de decembro de 2025), e condicionada a prórroga á continuidade do financiamento da Comisión Europea mediante a oportuna concesión da subvención específica anual, dentro do Convenio Marco de colaboración coa Representación da Comisión Europea en España (período 2021-2025) asinado polo Concello.

**2º REQUISITOS DOS/AS ASPIRANTES:**

Os aspirantes deberán reunir os requisitos que a continuación se sinalan na data de finalización do prazo de presentación de instancias, tendo en conta que no prazo de corrección de defectos unicamente poderá corrixirse o requisito da non presentación do DNI e da titulación.

Para ser admitido a esta convocatoria, os aspirantes deberán reunir, na data na que finalice o prazo de presentación de instancias, os seguintes requisitos:

I.- Ser español ou nacional dos demais estados membros da Unión Europea. Así mesmo, poderán participar no proceso selectivo os estranxeiros que reúnan a condición de cónxuxes de españois ou de nacionais doutros estados membros da Unión Europea, sempre que non estean separados de dereito, e os seus descendentes e os do seu cónxuxe menores de 21 anos ou maiores que vivan ás súas expensas. As mesmas regras aplicaranse, se é o caso, ás persoas incluídas no ámbito de aplicación dos tratados internacionais celebrados pola Comunidade Europea e ratificados por España, nos que sexa de aplicación a libre circulación de traballadores.

II.- Estar en posesión do título de Graduado/a en Xornalismo e/ou Comunicación ou titulación que habilite para o exercicio da profesión.

III.- Estar en posesión do certificado nivel B2 de inglés do MCER (a persoa seleccionada relacionarase polo miúdo nesa lingua coas diferentes Institucións da UE, redes europeas e demais Centros Europe Direct europeos, sendo tamén en inglés o manexo da plataforma de xestión on line do proxecto e a redacción do Plan de Comunicación Anual).

IV.- Ter cumpridos dezaseis anos e non exceder, se é o caso, da idade máxima de xubilación forzosa.

V.- Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial. No caso de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ó emprego público.

VI.- Non padecer enfermidade ou defecto físico que impida ou menoscabe o normal exercicio da función.

**3º ÁMBITO DE PUBLICIDADE:**

O anuncio de convocatoria farase público no Boletín Oficial da Provincia de Lugo. Os sucesivos anuncios en relación con este proceso, publicaranse no Taboleiro de Anuncios e na páxina web do Concello de Lugo.

**4º PRAZOS E REQUISITOS DE FORMA NA PRESENTACIÓN DE INSTANCIAS:**

**Prazo de presentación de instancias:** será de quince días hábiles, contados a partir do día seguinte á publicación desta convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

**Lugar de presentación:** a presentación de instancias realizarase no Rexistro Xeral do Concello ou na forma establecida no artigo 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro do procedemento administrativo común das Administracións Públicas. As instancias dirixiranse á Excm. Sra. Alcaldesa do Excmo. Concello de Lugo, e nelas farase constar expresa e detalladamente ademais dos datos persoais do solicitante, que se reúnen todos e cada un dos requisitos esixidos na base 2ª.

**Documentación que hai que presentar xunto coa instancia.** As instancias terán que vir acompañadas dos seguintes documentos:

- a.- Fotocopia do DNI
- b.- Fotocopia da titulación esixida.
- c.-Fotocopia de toda a documentación que poida serlle puntuada neste proceso.

**5º SISTEMA DE SELECCIÓN:**

Consistirá en dúas fases:

**PRIMEIRA FASE**

PRIMEIRO.- Proba teórica consistente na contestación dun cuestionario de 20 preguntas sobre os temas seguintes, e para a que se disporá de 60 minutos:

- Tema 1: Europa Direct: obxectivos e servizos
- Tema 2: A Unión Europea: institucións, organismos e políticas.
- Tema 3: Fondos Estruturais: Concepto, obxectivos, sectores, tipos.
- Tema 4: O Fondo de Recuperación Next Generation EU.
- Tema 5: Proxectos Europeos do Concello de Lugo.
- Tema 6: Fontes de Información europeas.
- Tema 7: Europass. Finalidade.
- Tema 8: Voluntariado europeo.
- Tema 9: Oficina Europea de selección de persoal.
- Tema 10: As relacións públicas e as relacións institucionais.
- Tema 11: A comunicación organizacional.
- Tema 12: Públicos, opinión pública e medios de comunicación.
- Tema 13: Comunicación estratéxica e redes sociais.

Cada pregunta será puntuada cun máximo de 0,25 puntos, debendo o persoal aspirante acadar un mínimo de 2,5 puntos para superar a proba.

SEGUNDO.- Proba de carácter teórico - práctico que consistirá na realización, nun período máximo de 60 minutos, dun suposto que formulará o Tribunal sobre a aplicación do temario antedito. Esta proba será puntuada cun máximo de 5 puntos, debendo o persoal aspirante acadar un mínimo de 2,50 puntos.

Estas probas serán determinadas polo Tribunal inmediatamente antes da súa celebración.

O Tribunal poderá decidir que a parte teórica e a parte teórico - práctica sexan realizadas o mesmo día, debendo transcorrer neste caso cando menos media hora dende o remate da parte teórica e o comezo da parte teórico-práctica.

TERCEIRO.- Coñecemento da Lingua Galega.- Esta proba unicamente será obrigatoria para o persoal aspirante que non acredite o título de perfeccionamento da lingua galega ou a validación correspondente, ou estar en posesión do Celga 4. O exercicio de galego para os/as aspirantes que deban realizar a proba de coñecemento do idioma galego cualificarase como apto ou non apto. Os que non o superen quedarán excluídos do proceso selectivo.

O aspirante que non supere esta fase non pasará á seguinte.

**SEGUNDA FASE**

Baremo de méritos: non terá carácter eliminatorio nin poderá terse en conta para superar as probas da fase de oposición. O baremo de méritos fíxase do seguinte xeito. Máximo: 9,20 puntos.

Baremo de méritos:

a) Experiencia profesional, ata un máximo de 4 puntos:

- Servizos realizados na mesma categoría e posto similar ó que se convoca na Administración Local, e referidos ós últimos 10 anos: 0,051 por cada mes completo ou fracción superior a 15 días. Para acreditar estes traballos os interesados deberán presentar unha certificación da Administración de que se trate -excepto aqueles aspirantes que traballaron no Concello de Lugo, os cales unicamente terán que facelo constar na súa instancia de participación no proceso selectivo e non terán que presentar a certificación a que fai referencia este parágrafo- onde conste o tempo traballado na categoría á que se opta, así como copia compulsada do nomeamento ou contrato de traballo suscrito para o efecto. De non presentarse a citada documentación, ou si se presenta outra diferente á aquí referida, a cualificación nesta alínea será de 0 puntos.
- Servizos realizados na mesma categoría e posto similar ó que se convoca noutra Administración Pública e referidos ós últimos 10 anos: 0,025 por cada mes completo ou fracción superior a 15 días. Para acreditar estes traballos os interesados deberán presentar unha certificación da Administración de que se trate, onde conste o tempo traballado na categoría á que se opta, así como copia compulsada do nomeamento ou contrato de traballo suscrito para o efecto. De non presentarse a citada documentación, ou si se presenta outra diferente á aquí referida, a cualificación nesta alínea será de 0 puntos.
- Servizos realizados na mesma categoría e posto similar ó que se convoca na empresa privada e referidos ós últimos 10 anos: 0,012 puntos por mes. Para acreditar estes traballos os interesados deberán presentar a vida laboral, onde conste o tempo traballado na categoría á que se opta, así como copia compulsada do contrato de traballo suscrito para o efecto. De non presentarse a citada documentación ou si se presenta outra diferente a aquí referida, a cualificación nesta alínea será de 0 puntos.

b) Titulación:

Pola titulación académica que se posúa, computarase unicamente o título de maior nivel dos alegados e ata un máximo de 2 puntos. Non será puntuada a titulación esixida para a praza a que se opta (Licenciado/a ou Graduado/a en Xornalismo e/ou Comunicación):

- Título de doutor: 2 punto. Este título unicamente se puntuará para as prazas nas que se requira o título de licenciado/a.
- Título de licenciado, arquitecto, enxeñeiro ou equivalente, graduado con máster: 1,5 puntos
- Título de enxeñeiro técnico, diplomado universitario, graduado, arquitecto técnico ou equivalente: 1 punto.

c) Formación:

Por cursos relacionados coa actividade que se vai desenvolver, impartidos pola Administración ou homologados, ata un máximo de 2 puntos. Os cursos que, a xuízo do tribunal, non estean debidamente acreditados ou non teñan relación coas funcións propias da praza, non serán puntuados:

- Menos de 15 horas: 0 puntos
- De 15 a 39 horas: 0,10 puntos
- De 40 a 79 horas: 0,20 puntos
- De 80 a 159 horas: 0,40 puntos
- Más de 160 horas: 0,75 puntos.

d) Inscripción como demandantes de emprego:

Pola inscrición como demandante de emprego nos últimos tres anos, cun máximo de 1,20 puntos: 0,10 puntos por cada mes completo. Os aspirantes deberán presentar unha certificación expedida polo INEM, acreditativa da citada inscrición e do tempo dela, non tendo validez, para estes efectos, ningunha outra documentación achegada (non será admitida como acreditación, nin a tarxeta de demandante de emprego, nin a de renovación, nin o certificado de vida laboral, etc.). De non presentarse a citada certificación do INEM, a cualificación neste parágrafo será de 0 puntos.

A puntuación final do proceso selectivo será a resultante da suma das puntuacións obtidas nas probas teórica e práctica superadas coa suma das puntuacións obtidas na fase de concurso.

De producirse empate na puntuación, a orde de desempate será a seguinte:

- 1) Puntuación pola orde dos parágrafos anteriores.
- 2) Solicitante de maior idade.

O Tribunal de selección estará constituído por: un/unha Presidente, tres Vogais e un/unha Secretario/a cos seus correspondentes suplentes. A totalidade dos membros do tribunal deberán posuír un nivel de titulación igual ou superior ao esixido para a convocatoria da praza.

Os nomes dos membros do citado tribunal publicaranse, xunto coa lista de aspirantes admitidos e excluídos, no Taboleiro de Anuncios e na páxina Web do Concello de Lugo.

En todos os casos será requisito imprescindible a copia dos documentos que acrediten os méritos que alega o aspirante. Os aspirantes que resulten seleccionados deberán aportar a documentación orixinal para o seu cotexo, igualmente, dita documentación poderá ser requirida a tódolos demais aspirantes en calquera momento do proceso.”

**Segundo.-** Procédase a súa publicación na forma legalmente establecida, facéndose constar que o presente acto pon fin á vía administrativa e que contra o mesmo se poden interpoñer os seguintes recursos:

- Recurso potestativo de reposición previsto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ante o mesmo órgano que ditou o acto no prazo DUN MES, contado dende o día seguinte á publicación desta resolución.

- Recurso contencioso administrativo, nun prazo de DOUS MESES, contados a partir do día seguinte á publicación da presente resolución, ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo (artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa), segundo a redacción dada pola disposición adicional décimo cuarta da Lei Orgánica 19/2003 de 23 de decembro, de modificación da Lei Orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial.

Todo isto sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro recurso que estime conveniente.

Lugo, 31 de maio de 2021.- **TENENTA DE ALCALDESA DELEGADA DA AREA DE GOBERNANZA: ECONOMÍA E RECURSOS HUMANOS, MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO.**

R. 1631

### *Anuncio*

#### **DECRETO**

#### **ILMA. SRA. DONA MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, TENENTA DE ALCALDESA DELEGADA DA AREA DE GOBERNANZA: ECONOMÍA E RECURSOS HUMANOS DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO.**

A Xunta de Goberno Local do Concello de Lugo, en sesión ordinaria celebrada o día trece de febreiro de dous mil oito, adoptou, entre outros, o acordo número 17/146, de aprobación das bases xerais polas que se establecen as normas para a selección de persoal laboral temporal (contratado laboral interino ou contratado laboral temporal) para prestar servizos no Concello de Lugo sendo publicado dito acordo no BOP de Lugo, número 46, de data 25 de febreiro de 2008.

Á vista de que a Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria, celebrada o día 26 de maio de 2019, acorda tamén, a aprobación das bases do proceso selectivo para a cobertura temporal dunha praza de técnico/a de comunicación na oficina Europe Direct (Grupo profesional II).

Esta Concellería, en virtude das atribucións conferidas á Alcaldía polo artigo 124 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime Local e tendo en conta o Decreto número 2973/2021 do 16 de abril de 2021, **RESOLVE:**

**Primeiro.-** Convocar o proceso selectivo para a selección de un/unha praza de técnico en comunicación para na oficina Europe Direct, que se rexerá polas bases que a continuación se transcriben:

#### **“BASES DO PROCESO SELECTIVO PARA A COBERTURA TEMPORAL DE UNHA PRAZA DE TÉCNICO/A EN COMUNICACIÓN NA OFICINA EUROPE DIRECT”**

##### **1º OBXECTO DA CONVOCATORIA:**

A contratación laboral temporal dun Técnico en Comunicación, dentro da execución do proxecto Europe Direct, desde o 1 de maio ata o 31 de decembro de 2021 (prorrogable por anualidades completas ata o 31 de decembro de 2025), e condicionada a prórroga á continuidade do financiamento da Comisión Europea mediante a oportuna concesión da subvención específica anual, dentro do Convenio Marco de colaboración coa Representación da Comisión Europea en España (período 2021-2025) asinado polo Concello.

##### **2º REQUISITOS DOS/AS ASPIRANTES:**

Os aspirantes deberán reunir os requisitos que a continuación se sinalan na data de finalización do prazo de presentación de instancias, tendo en conta que no prazo de corrección de defectos unicamente poderá corrixirse o requisito da non presentación do DNI e da titulación.

Para ser admitido a esta convocatoria, os aspirantes deberán reunir, na data na que finalice o prazo de presentación de instancias, os seguintes requisitos:

I.- Ser español ou nacional dos demais estados membros da Unión Europea. Así mesmo, poderán participar no proceso selectivo os estranxeiros que reúnan a condición de cónxuxes de españois ou de nacionais doutros estados membros da Unión Europea, sempre que non estean separados de dereito, e os seus descendentes e os

do seu cónxuxe menores de 21 anos ou maiores que vivan ás súas expensas. As mesmas regras aplicaranse, se é o caso, ás persoas incluídas no ámbito de aplicación dos tratados internacionais celebrados pola Comunidade Europea e ratificados por España, nos que sexa de aplicación a libre circulación de traballadores.

II.- Estar en posesión do título de Graduado/a en Xornalismo e/ou Comunicación ou titulación que habilite para o exercicio da profesión.

II.- Estar en posesión do certificado nivel B2 de inglés do MCER (a persoa seleccionada relacionarase polo miúdo nesa lingua coas diferentes Institucións da UE, redes europeas e demais Centros Europe Direct europeos, sendo tamén en inglés o manexo da plataforma de xestión on line do proxecto e a redacción do Plan de Comunicación Anual).

IV.- Ter cumpridos dezaseis anos e non exceder, se é o caso, da idade máxima de xubilación forzosa.

V.- Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial. No caso de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ó emprego público.

VI.- Non padecer enfermidade ou defecto físico que impida ou menoscabe o normal exercicio da función.

### **3º ÁMBITO DE PUBLICIDADE:**

O anuncio de convocatoria farase público no Boletín Oficial da Provincia de Lugo. Os sucesivos anuncios en relación con este proceso, publicaranse no Taboleiro de Anuncios e na páxina web do Concello de Lugo.

### **4º PRAZOS E REQUISITOS DE FORMA NA PRESENTACIÓN DE INSTANCIAS:**

Prazo de presentación de instancias: será de quince días hábiles, contados a partir do día seguinte á publicación desta convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Lugar de presentación: a presentación de instancias realizarase no Rexistro Xeral do Concello ou na forma establecida no artigo 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro do procedemento administrativo común das Administracións Públicas. As instancias dirixiranse á Excm. Sra. Alcaldesa do Excmo. Concello de Lugo, e nelas farase constar expresa e detalladamente ademais dos datos persoais do solicitante, que se reúnen todos e cada un dos requisitos esixidos na base 2ª.

Documentación que hai que presentar xunto coa instancia. As instancias terán que vir acompañadas dos seguintes documentos:

- a.- Fotocopia do DNI
- b.- Fotocopia da titulación esixida.
- c.-Fotocopia de toda a documentación que poida serlle puntuada neste proceso.

### **5º SISTEMA DE SELECCIÓN:**

Consistirá en dúas fases:

#### **PRIMEIRA FASE**

PRIMEIRO.- Proba teórica consistente na contestación dun cuestionario de 20 preguntas sobre os temas seguintes, e para a que se disporá de 60 minutos:

Tema 1: Europa Direct: obxectivos e servizos

Tema 2: A Unión Europea: institucións, organismos e políticas.

Tema 3: Fondos Estruturais: Concepto, obxectivos, sectores, tipos.

Tema 4: O Fondo de Recuperación Next Generation EU.

Tema 5: Proxectos Europeos do Concello de Lugo.

Tema 6: Fontes de Información europeas.

Tema 7: Europass. Finalidade.

Tema 8: Voluntariado europeo.

Tema 9: Oficina Europea de selección de persoal.

Tema 10: As relacións públicas e as relacións institucionais.

Tema 11: A comunicación organizacional.

Tema 12: Públicos, opinión pública e medios de comunicación.

Tema 13: Comunicación estratéxica e redes sociais.

Cada pregunta será puntuada cun máximo de 0,25 puntos, debendo o persoal aspirante acadar un mínimo de 2,5 puntos para superar a proba.

SEGUNDO.- Proba de carácter teórico - práctico que consistirá na realización, nun período máximo de 60 minutos, dun suposto que formulará o Tribunal sobre a aplicación do temario antedito. Esta proba será puntuada cun máximo de 5 puntos, debendo o persoal aspirante acadar un mínimo de 2,50 puntos.

Estas probas serán determinadas polo Tribunal inmediatamente antes da súa celebración.

O Tribunal poderá decidir que a parte teórica e a parte teórico - práctica sexan realizadas o mesmo día, debendo transcorrer neste caso cando menos media hora dende o remate da parte teórica e o comezo da parte teórico-práctica.

TERCEIRO.- Coñecemento da Lingua Galega.- Esta proba unicamente será obrigatoria para o persoal aspirante que non acredite o título de perfeccionamento da lingua galega ou a validación correspondente, ou estar en posesión do Celga 4. O exercicio de galego para os/as aspirantes que deban realizar a proba de coñecemento do idioma galego cualificarase como apto ou non apto. Os que non o superen quedarán excluídos do proceso selectivo.

O aspirante que non supere esta fase non pasará á seguinte.

### **SEGUNDA FASE**

Baremo de méritos: non terá carácter eliminatorio nin poderá terse en conta para superar as probas da fase de oposición. O baremo de méritos fíxase do seguinte xeito. Máximo: 9,20 puntos.

Baremo de méritos:

a) Experiencia profesional, ata un máximo de 4 puntos:

- Servizos realizados na mesma categoría e posto similar ó que se convoca na Administración Local, e referidos ós últimos 10 anos: 0,051 por cada mes completo ou fracción superior a 15 días. Para acreditar estes traballos os interesados deberán presentar unha certificación da Administración de que se trate -excepto aqueles aspirantes que traballaron no Concello de Lugo, os cales unicamente terán que facelo constar na súa instancia de participación no proceso selectivo e non terán que presentar a certificación a que fai referencia este parágrafo- onde conste o tempo traballado na categoría á que se opta, así como copia compulsada do nomeamento ou contrato de traballo suscrito para o efecto. De non presentarse a citada documentación, ou si se presenta outra diferente á aquí referida, a cualificación nesta alínea será de 0 puntos.
- Servizos realizados na mesma categoría e posto similar ó que se convoca noutra Administración Pública e referidos ós últimos 10 anos: 0,025 por cada mes completo ou fracción superior a 15 días. Para acreditar estes traballos os interesados deberán presentar unha certificación da Administración de que se trate, onde conste o tempo traballado na categoría á que se opta, así como copia compulsada do nomeamento ou contrato de traballo suscrito para o efecto. De non presentarse a citada documentación, ou si se presenta outra diferente á aquí referida, a cualificación nesta alínea será de 0 puntos.
- Servizos realizados na mesma categoría e posto similar ó que se convoca na empresa privada e referidos ós últimos 10 anos: 0,012 puntos por mes. Para acreditar estes traballos os interesados deberán presentar a vida laboral, onde conste o tempo traballado na categoría á que se opta, así como copia compulsada do contrato de traballo suscrito para o efecto. De non presentarse a citada documentación ou si se presenta outra diferente a aquí referida, a cualificación nesta alínea será de 0 puntos.

b) Titulación:

Pola titulación académica que se posúa, computarase unicamente o título de maior nivel dos alegados e ata un máximo de 2 puntos. Non será puntuada a titulación esixida para a praza a que se opta (Licenciado/a ou Graduado/a en Xornalismo e/ou Comunicación):

- Título de doutor: 2 punto. Este título unicamente se puntuará para as prazas nas que se requira o título de licenciado/a.
- Título de licenciado, arquitecto, enxeñeiro ou equivalente, graduado con máster: 1,5 puntos
- Título de enxeñeiro técnico, diplomado universitario, graduado, arquitecto técnico ou equivalente: 1 punto.

c) Formación:

Por cursos relacionados coa actividade que se vai desenvolver, impartidos pola Administración ou homologados, ata un máximo de 2 puntos. Os cursos que, a xuízo do tribunal, non estean debidamente acreditados ou non teñan relación coas funcións propias da praza, non serán puntuados:

- Menos de 15 horas: 0 puntos
- De 15 a 39 horas: 0,10 puntos
- De 40 a 79 horas: 0,20 puntos

- De 80 a 159 horas: 0,40 puntos
- Más de 160 horas: 0,75 puntos.

d) Inscripción como demandantes de emprego:

Pola inscrición como demandante de emprego nos últimos tres anos, cun máximo de 1,20 puntos: 0,10 puntos por cada mes completo. Os aspirantes deberán presentar unha certificación expedida polo INEM, acreditativa da citada inscrición e do tempo dela, non tendo validez, para estes efectos, ningunha outra documentación achegada (non será admitida como acreditación, nin a tarxeta de demandante de emprego, nin a de renovación, nin o certificado de vida laboral, etc.). De non presentarse a citada certificación do INEM, a cualificación neste parágrafo será de 0 puntos.

A puntuación final do proceso selectivo será a resultante da suma das puntuacións obtidas nas probas teórica e práctica superadas coa suma das puntuacións obtidas na fase de concurso.

De producirse empate na puntuación, a orde de desempate será a seguinte:

- 1) Puntuación pola orde dos parágrafos anteriores.
- 2) Solicitante de maior idade.

O Tribunal de selección estará constituído por: un/unha Presidente, tres Vogais e un/unha Secretario/a cos seus correspondentes suplentes. A totalidade dos membros do tribunal deberan posuír un nivel de titulación igual ou superior ao esixido para a convocatoria da praza.

Os nomes dos membros do citado tribunal publicaranse, xunto coa lista de aspirantes admitidos e excluídos, no Taboleiro de Anuncios e na páxina Web do Concello de Lugo.

En todos os casos será requisito imprescindible a copia dos documentos que acrediten os méritos que alega o aspirante. Os aspirantes que resulten seleccionados deberán aportar a documentación orixinal para o seu cotexo, igualmente, dita documentación poderá ser requirida a tódolos demais aspirantes en calquera momento do proceso."

**Segundo.-** Procédase a súa publicación na forma legalmente establecida, facéndose constar que o presente acto pon fin á vía administrativa e que contra o mesmo se poden interpoñer os seguintes recursos:

- Recurso potestativo de reposición previsto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ante o mesmo órgano que ditou o acto no prazo DUN MES, contado dende o día seguinte á publicación desta resolución.

- Recurso contencioso administrativo, nun prazo de DOUS MESES, contados a partir do día seguinte á publicación da presente resolución, ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo (artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa), segundo a redacción dada pola disposición adicional décimo cuarta da Lei Orgánica 19/2003 de 23 de decembro, de modificación da Lei Orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial.

Todo isto sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro recurso que estime conveniente.

Lugo, 31 de maio de 2021.- **TENENTA DE ALCALDESA DELEGADA DA AREA DE GOBERNANZA: ECONOMÍA E RECURSOS HUMANOS, MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO.**

R. 1632

### *Anuncio*

**DECRETO Nº 4434/2021 do 27/05/2021**

**Ima. Sra. Dona MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, Tenenta de Alcaldesa Delegada da Área de Gobernanza: Economía e Recursos Humanos do Excmo. Concello de Lugo.**

Instruído expediente en relación ao nomeamento de 16 funcionarios en prácticas no Corpo da Policía Local do Concello de Lugo e tendo en conta os seguintes

#### **ANTECEDENTES DE FEITO**

- Convenio para a asunción pola administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia da convocatoria e desenvolvemento dos procesos selectivos unitarios para o acceso ás diferentes categorías dos corpos da policía local e as prazas de auxiliares de policía local ou as prazas de vixiantes municipais.
- Orde do 8 de xullo de 2020 pola que se convoca proceso selectivo para o acceso e ingreso nos corpos da policía local de Galicia, escala básica, categoría de policía, quendas de acceso libre e concurso (DOG núm 137 do 10 de xullo de 2020)



- Resolución de 10 de xullo de 2020, da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, referente á convocatoria de prazas de Policía Local de distintos Concellos (BOE nº 199 do 22 de xullo de 2020), entre as que figuran:

Concello: Lugo; Nº de prazas: 16; Denominación: Policía local; Escala: Básica; Grupo: C1; Nivel: 17; Procedemento de selección: Oposición

Concello: Lugo; Nº de prazas: 5; Denominación: Policía local; Escala: Básica; Categoría: Policía; Grupo: C1; Nivel: 17; Procedemento de selección: Concurso

- Comunicación da Xunta de Galicia relativa ás persoas que, habendo superado o referido proceso selectivo convocado pola Orde do 8 de xullo de 2020, foron designadas para o Concello de Lugo:

- Daniel Rey Centeno con \*\*\*5503\*\*
- Adrián Fernández Román con \*\*\*3956\*\*
- Juan Manuel Figueirido Blanco con \*\*\*9561\*\*
- José Antonio Fernández Fernández con \*\*\*8431\*\*
- Jesús Becerra Pereiro con \*\*\*6063\*\*
- Belén Dorado Álvarez con \*\*\*5671\*\*
- Pedro Díaz Pedreira con \*\*\*5274\*\*
- Martín Pardiñas Díaz con \*\*\*5080\*\*
- Adolfo Liñayo Filgueira con \*\*\*1140\*\*
- Marcos Caridad Rodríguez con \*\*\*0248\*\*
- Oliver Armesto de Hojas con \*\*\*2167\*\*
- Adrián Fernández Pardo con \*\*\*0210\*\*
- Hugo Grueiro Martínez con \*\*\*1071\*\*
- Cristina Rodríguez Iglesias con \*\*\*1921\*\*
- Jacobo Cora de Marcos con \*\*\*4178\*\*
- Francisco José Boado Sánchez con \*\*\*1743\*\*

- Certificación da xefa do servizo de formación en Seguridade Pública da Academia Galega de Seguridade Pública relativa ao cumprimento dos requisitos para nomeamento como persoal funcionario en prácticas ou funcionario de carreira.

- Resolución do 14 de maio de 2021, da Academia Galega de Seguridade Pública, pola que se convoca un curso básico selectivo para o acceso á categoría de policía, escala básica dos corpos de policía local.

- Proposta de Xefe de Servizo de Persoal de data 25 de maio de 2021.

## FUNDAMENTOS XURÍDICOS

**Primeiro.-** Segundo o disposto nas Base 9.3 e 9.4 da Orde do 8 de xullo de 2020 pola que se convoca proceso selectivo para o acceso e ingreso nos corpos da policía local de Galicia, escala básica, categoría de policía, quendas de acceso libre e concurso:

“9.3. Nomeamento como persoal funcionario en prácticas.

Unha vez acreditada a posesión dos requisitos exixidos, as persoas aspirantes serán nomeadas persoal funcionario en prácticas mediante resolución da correspondente alcaldía, que se publicará no *Boletín Oficial* da provincia (BOP).

En caso de renuncia, falecemento, falta de xustificación dos requisitos para o nomeamento, incapacidade absoluta sobrevida ou concorrencia de calquera outra causa que impida o nomeamento dunha persoa aspirante como persoal funcionario en prácticas ou prive de eficacia o nomeamento xa realizado, o concello comunicará esta circunstancia á Dirección Xeral da Agasp, que substituirá a persoa afectada pola primeira que figure na lista de reserva, sempre con anterioridade ao desenvolvemento do correspondente curso selectivo de formación.

9.4. Curso selectivo de formación.

As persoas aspirantes aprobadas na quenda de oposición libre deberán superar un curso selectivo de formación teórico-práctico na Agasp como requisito indispensable para acceder á condición de persoal funcionario de carreira na categoría de policía, escala básica, de conformidade co disposto no artigo 36 da Lei 4/2007 e o artigo 16 do Decreto 243/2008, do 16 de outubro.

Só estarán dispensadas de realizaren o devandito curso aquelas persoas que xa o superasen con anterioridade na Agasp. En tal caso, serán nomeadas directamente na condición de persoal funcionario de carreira.

No caso da non incorporación ao curso ou de abandono deste sen rematalo, salvo por causas excepcionais, considerarase que a persoa aspirante non superou o proceso selectivo.

O alumnado que non supere o curso teórico-práctico na Agasp, incluídas as probas de carácter extraordinario, perderá todos os dereitos alcanzados no proceso selectivo.”

**Segundo.-** Polo que respecta ás retribucións, os funcionarios en prácticas teñen un réxime específico de retribucións regulado no Real Decreto 456/1986, do 10 de febreiro, sobre retribucións dos funcionarios públicos en prácticas, modificado polo Real Decreto 213/2003, do 21 de febreiro, dispoñendo o seu artigo 1, que os que, a partir da entrada en vigor do presente Real Decreto, se atopen en período de prácticas ou desenvolvendo cursos selectivos previstos no artigo 22 do Real Decreto 2223/1984, do 19 de decembro, serán nomeados funcionarios en prácticas, que percibirán unha retribución equivalente ao soldo e pagas extraordinarias correspondentes ao grupo no que estea clasificado o corpo ou escala no que aspiren a ingresar.

Igualmente, segundo o disposto no artigo 3 do mencionado Real Decreto:

“Os funcionarios en prácticas que sexan nomeados funcionarios de carreira ao superar o período de prácticas ou o curso selectivo, continuarán percibindo no prazo posesorio as mesmas retribucións que lles foran acreditadas durante o tempo de realización das prácticas ou do curso selectivo.

Aqueloutros que, superando todos os requisitos do proceso selectivo, queden en expectativa de nomeamento, non terán dereito a percibir remuneración algunha como funcionarios en prácticas.

Así mesmo, a non superación do curso selectivo determinará o cesamento no percibo destas remuneracións, sen prexuízo da súa continuación ao producirse, no seu caso a incorporación do aspirante a un novo curso selectivo.”

Tendo en conta a Proposta de Xefe de Servizo de Persoal de data 25 de maio de 2021 e en base ás atribucións reservadas por acordo nº 28/452 da Xunta de Goberno Local celebrada en sesión ordinaria do día 17/07/2019, a Tenenta de Alcaldesa Delegada da Área de Gobernanza: Economía e Recursos Humanos, **RESOLVE:**

**Primeiro.-** Os nomeamentos de Daniel Rey Centeno con \*\*\*5503\*\*, Adrián Fernández Román con \*\*\*3956\*\*, Juan Manuel Figueirido Blanco con \*\*\*9561\*\*, José Antonio Fernández Fernández con \*\*\*8431\*\*, Jesús Becerra Pereiro con \*\*\*6063\*\*, Belén Dorado Álvarez con \*\*\*5671\*\*, Pedro Díaz Pedreira con \*\*\*5274\*\*, Martín Pardiñas Díaz con \*\*\*5080\*\*, Adolfo Liñayo Filgueira con \*\*\*1140\*\*, Marcos Caridad Rodríguez con \*\*\*0248\*\*, Oliver Armesto de Hojas con \*\*\*2167\*\*, Adrián Fernández Pardo con \*\*\*0210\*\*, Hugo Grueiro Martínez con \*\*\*1071\*\*, Cristina Rodríguez Iglesias con \*\*\*1921\*\*, Jacobo Cora de Marcos con \*\*\*4178\*\*, Francisco José Boado Sánchez con \*\*\*1743\*\* como funcionarios en prácticas do Excmo. Concello de Lugo nas prazas de Policía Local; Escala: Básica; Categoría: Policía; Grupo: C1; Nivel: 17, con efectos do día no que dea comezo o curso selectivo de formación que, para o efecto, desenvolva a Academia Galega de Seguridade Pública, previsto para o día 31 de maio de 2021.

**Segundo.-** Os funcionarios en prácticas percibirán unha retribución equivalente ao soldo e pagas extraordinarias correspondentes ao grupo no que estea clasificado o corpo ou escala no que aspiren a ingresar.

**Terceiro.-** Notificarlles os nomeamentos en prácticas ós/ás interesados/as, facéndose constar que o presente acto pon fin á vía administrativa e que contra o mesmo podense interpoñer os seguintes recursos:

- Recurso potestativo de reposición previsto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ante o mesmo órgano que ditou o acto no prazo DUN MES, contado dende o día seguinte á notificación desta resolución.

- Recurso contencioso administrativo, nun prazo de DOUS MESES, contados a partir do día seguinte á notificación da presente resolución, ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo (artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa), segundo a redacción dada pola disposición adicional décimo cuarta da Lei Orgánica 19/2003 de 23 de decembro, de modificación da Lei Orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial.

Todo isto sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro recurso que estime conveniente.

Lugo, 27 de maio de 2021.- **TENENTA DE ALCALDESA DELEGADA DA AREA DE GOBERNANZA: ECONOMÍA E RECURSOS HUMANOS, MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO.**

R. 1633

MONDOÑEDO

Anuncio

O 31 de maio de 2021, ditouse Resolución de Alcaldía núm. 2021-0078, que literalmente di:

**“CONVOCATORIA E BASES REGULADORAS QUE REXERÁN A SELECCIÓN, POR CONCURSO-OPOSICIÓN, DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL, POR PERÍODO DE 2 MESES, A TEMPO COMPLETO, DE UN AXUDANTE DE ANIMADOR CULTURAL, DEPORTIVO E SOCIAL PARA A COLABORACIÓN NO SERVIZO DE CULTURA, DEPORTE E SERVIZOS SOCIAIS (PROGRAMA FOMENTO DO EMPREGO 2020)**

Vista a providencia da alcaldía que incoa o expediente para o proceso de selección, por concurso-oposición, de persoal laboral temporal para a colaboración na área de Cultura, Deporte e Servizos Sociais do Concello de Mondoñedo: 1 axudante de animador cultural, deportivo e social, por un período máximo de 2 meses, e no caso de que se retrase esta contratación, o último día de contrato será o 30 de setembro de 2021 (Programa Fomento do Emprego 2020).

Vista a memoria do Alcalde-Presidente que xustifica a necesidade inaprazable, urxencia, necesidade e prioridade de realizar un proceso selectivo, de persoal laboral temporal para a contratación de 1 emprego de AXUDANTE DE ANIMADOR CULTURAL, DEPORTIVO E SOCIAL para a colaboración no Servizo de Cultura, Deporte e Servizos Sociais a tempo completo por un período de 2 meses, e no caso de que se retrase esta contratación, o último día de contrato será o 30 de setembro de 2021.

Vistas as bases reguladoras do Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos 2020, no que respecta ao programa de Fomento do Emprego para o período 2020-2021, publicadas no BOP núm. 77, do 3 de abril de 2020.

Considerando que o Concello de Mondoñedo, en sesión plenaria de carácter extraordinario levada a cabo o 13 de maio de 2016 acordou, de xeito unánime, recoñecer como servizo prioritario a Promoción do Deporte e Instalacións Deportivas e de Ocupación do Tempo Libre, ante a imposibilidade de convocar unha Xunta de Goberno Local,

**RESOLVE:**

**Primeiro.-** Avogar a competencia de forma puntual co único obxecto de aprobar a convocatoria para a selección, mediante o sistema de concurso-oposición de 1 emprego de persoal en réxime laboral temporal a tempo completo, mediante un contrato por obra/servizo determinado de luns a domingo, cos descansos establecidos pola lexislación vixente, por un período de 2 meses, e no caso de que se retrase esta contratación, o último día de contratación será o 30 de setembro de 2021, na seguinte categoría: axudante de animador cultural, deportivo e social para a colaboración no servizo de cultura, deporte e servizos sociais.

**Segundo.-** Aprobar as bases que rexerán esta convocatoria que se xuntan como anexo ao expediente.

**Terceiro.-** Darlle publicidade a esta convocatoria a través de anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Mondoñedo (<https://mondonedo.sedelectronica.gal>).

**Cuarto.-** Dar conta da presente Resolución á Xunta de Goberno Local na vindeira sesión que se celebre.

**Quinto.-** Dar conta ao Pleno na vindeira sesión que se celebre.

Mondoñedo, 31 de maio de 2021.-O alcalde-presidente, Manuel Ángel Otero Legide, ante min a Secretaria-Interventora accidental, María Remedios Rego Villalba.

**BASES REGULADORAS QUE REXERÁN A SELECCIÓN, POR CONCURSO-OPOSICIÓN DE UN AXUDANTE DE ANIMADOR CULTURAL, DEPORTIVO E SOCIAL, PERSOAL LABORAL TEMPORAL, POR PERÍODO DE 2 MESES A TEMPO COMPLETO, PARA A COLABORACIÓN NO SERVIZO DE CULTURA, DEPORTE E SERVIZOS SOCIAIS (PROGRAMA FOMENTO DO EMPREGO 2020)**

**PRIMEIRA.—OBXECTO**

É o obxecto da presente convocatoria realizar a selección mediante concurso-oposición de persoal laboral temporal, mediante un contrato por obra/servizo determinado, 1 emprego de AXUDANTE DE ANIMADOR CULTURAL, DEPORTIVO E SOCIAL, a tempo completo, por un período máximo de 2 meses e no caso de que se retrase esta contratación, o último día de contrato será o 30 de setembro de 2021, que se realiza ao abeiro das bases reguladoras do Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos 2020, no que respecta ao programa de Fomento do Emprego para o período 2020-2021, publicadas no BOP núm. 77, do 3 de abril de 2020.

Baixo a coordinación do Alcalde-Presidente ou Concelleiro/a en quen delegue, a persoa seleccionada desempeñará as súas funcións vinculadas á Área de Cultura, Deporte e Servizos Sociais do Concello de Mondoñedo.

**SEGUNDA.— NORMATIVA APLICABLE**

A este proceso selectivo de CONCURSO-OPOSICIÓN, seralle de aplicación o previsto na Lei 2/2015, do 29 de abril do Emprego Público de Galicia, así como o disposto no artigo 61 do Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido do Estatuto Básico do Empregado Público (en adiante EBEP).

No non previsto nas presentes bases, tamén será de aplicación:

- Lei 30/1984, do 2 de agosto, de Medidas de Reforma para a Función Pública.
- Lei 53/1984, do 26 de decembro, de Incompatibilidades do persoal ao Servizo das Administracións Públicas.

- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local.
- Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local.
- Lei 10/1990, do 15 de outubro, do Deporte.
- Decreto 364/1995, do 10 de marzo, que aproba o Regulamento Xeral de Ingreso de Persoal ao Servizo da Administración Xeral do Estado e de provisión de Postos de Traballo e Promoción Profesional dos Funcionarios Cívís da Administración Xeral do Estado.
- Real decreto 896/1991, do 7 de xuño, polo que se aproban as regras básicas e programas mínimos do procedemento de selección de funcionarios de Administración Local.
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, reguladora da Administración Local de Galicia.
- Decreto Legislativo 1/2008, de 13 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Función Pública.
- Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.
- Lei 2/2015, do 29 de abril, do Emprego Público de Galicia.
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- Bases reguladoras do Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos 2020, no que respecta ao programa de Fomento do Emprego para o período 2020-2021, publicadas no BOP núm. 77 do 3 de abril de 2020.
- Demais disposicións aplicables.

#### **TERCEIRA.— MODALIDADE E DURACIÓN DO CONTRATO**

O modelo de contrato de traballo a utilizar será o de obra/servizo determinado.

O réxime xurídico da relación será de carácter laboral temporal.

A xornada de traballo será a tempo completo, de luns a domingo, cos descansos establecidos na lexislación vixente, por un período máximo de 2 meses, e no caso de que se retrase esta contratación, o último día de contratación será o 30 de setembro de 2021.

A retribución mensual bruta, incluída a parte proporcional de paga extraordinaria e o plus de transporte será de 1.264,29 euros, aínda que o salario liquidarase mensualmente, e a parte proporcional da paga extraordinaria, en relación ao tempo traballado, de ser o caso, no mes de xuño, e/ou á finalización do contrato.

#### **CUARTA.— REQUISITOS DOS ASPIRANTES**

Con carácter xeral, os/as aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos, na data en que remate o prazo de presentación de instancias para poder tomar parte nas probas de selección:

- a) Ser español ou nacional doutros estados nos termos do artigo 57 do Real decreto legislativo 5/2015 do 30 de outubro polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.
- b) Posuír capacidade funcional para o desempeño das tarefas.
- c) Ter cumpridos dezaseis anos.
- d) Non padecer enfermidade nin estar afectado por limitación física ou psíquica que impida o desenvolvemento das funcións do emprego.
- e) Non estar separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para exercer funcións similares ás que desempeñaban, no que fora separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.
- f) Non atoparse incurso nas causas de incompatibilidade ou incapacidade que determine a lexislación vixente.
- g) Os aspirantes que padezan minusvalía deberán facelo constar expresamente na instancia.
- h) Estar en posesión do título académico esixido nas bases xerais e específicas para ingresar no emprego de referencia na data en que remate o prazo de presentación de instancias, ou en disposición de obtelo, neste caso **Graduado en ESO ou equivalente homologado**.
- i) Estar en posesión do Celga 2, da lingua galega, equivalente ou superior, debidamente homologado polo órgano competente na materia de política lingüística da Xunta de Galicia, ou obter a calificación de apto na proba de galego que forma parte da fase de oposición.

j) Para poder optar a este posto o candidato/a **provirá de situación de desemprego ou de mellora de emprego** con independencia de que a xornada laboral sexa parcial ou completa (criterio incluído nas bases reguladoras do Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos 2020, no que respecta ao programa de Fomento do Emprego para o período 2020-2021, publicadas no BOP núm. 77 do 3 abril de 2020).

k) Non estar condenado/a mediante sentenza firme por delitos de índole sexual.

#### **QUINTA.—FORMA E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES**

1.—As persoas que desexen tomar parte no proceso selectivo convocado, deberano facer constar mediante unha instancia, modelo Anexo I, dirixida ao Sr. Alcalde-Presidente do Concello, na que manifestarán, ademais dos datos persoais co enderezo, a denominación do emprego ao que optan e que reúnen todos e cada un dos requisitos da presente convocatoria.

2.— O prazo de presentación de instancias será de **cinco días hábiles, que comezará a contar a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.**

3.—As instancias deberán presentarse no Rexistro Xeral do Concello de Mondoñedo ou mediante algunha das formas previstas na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Cómpre que o Concello teña constancia da presentación desta documentación no prazo en que remata o día de presentación de instancias.

A solicitude irá acompañada da seguinte documentación:

.- Fotocopia do Documento Nacional de Identidade, compulsada por ámbalas caras.

.- Fotocopia compulsada da Titulación mínima ou certificación acreditativa de tela superada, no momento da finalización do prazo de presentación de solicitudes.

.- Fotocopia compulsada do certificado Celga 2 ou equivalente.

.- Fotocopia compulsada do Informe de situación administrativa da oficina de emprego ou documento análogo que acredite a situación de desemprego ou mellora de emprego con data actual.

.- Fotocopia compulsada dos documentos acreditativos dos méritos alegados para a súa valoración na fase de concurso (esta documentación non será excluínte para a confección da lista provisional de admitidos e excluídos). A non acreditación dos méritos alegados determinará que estes non serán tidos en conta polo Tribunal nin se valorarán aínda que se acrediten fóra do prazo de presentación de instancias xa que non poderá subsanarse.

#### **SEXTA.- ADMISIÓN DE SOLICITUDES**

1.- Rematado o prazo para presentar as instancias o Alcalde ditará resolución comprensiva que conterá:

- a lista provisional de admitidas/os e excluídas/os coa especificación do motivo de exclusión.

- a designación do Tribunal cualificador e a data da súa constitución.

- a data, hora e lugar en que se realizará a valoración de méritos e a fase de oposición, debendo transcorrer cando menos 24 horas entre a publicación e a data de realización das probas.

Esta resolución publicarase de xeito íntegro na web e no taboleiro de anuncios do Concello.

2.- Durante os dous días hábiles seguintes á publicación da lista provisional de admitidos e excluídos, unicamente os/as excluídos/as poderán solicitar a subsanación de erros e presentar reclamacións á lista provisional. Quen non presentara a solicitude de subsanación ou reclamación no prazo indicado, decaerá do seu dereito sendo excluído definitivamente da lista de aspirantes.

No caso de non haber excluídos, a lista provisional elevarase a definitiva automaticamente.

3.- Transcorrido o prazo de subsanación, as reclamacións, se as houbera, serán aceptadas ou rexeitadas mediante Resolución pública de Alcaldía, no taboleiro de anuncios, aprobando a lista definitiva de admitidos e excluídos.

4.- Porén, se en calquera momento posterior á aprobación da lista definitiva, se advertise nas solicitudes inexactitude ou falsidade que fora causa de exclusión, esta considerarase defecto insubsanable e a alcaldía resolverá a dita exclusión.

#### **SÉTIMA.—TRIBUNAL CUALIFICADOR**

Os membros do Tribunal Cualificador e suplentes serán designados polo Sr. Alcalde – Presidente mediante resolución.

O tribunal estará integrado polos seguintes membros, e atenderase á paridade entre home e muller:

Presidente: Un empregado público. Con voz e voto.

Secretario: O da Corporación ou empregado público en quen delegue. Con voz e sen voto.

Vogais: tres empregados públicos. Con voz e voto.

O Tribunal Cualificador deberá constituírse na data que designe o Sr. Alcalde, entendéndose validamente constituído cando asista a maioría absoluta dos membros titulares ou suplentes e sempre coa presenza do Presidente e o Secretario.

Os membros do Tribunal, posuirán titulación ou especialización de grao igual ou superior ao esixido para acceder ao emprego.

Na sesión constitutiva adoptaranse as decisións pertinentes para o correcto desenvolvemento do proceso. Os seus acordos serán impugnables nos supostos e na forma establecida pola Lei 39/2015 do 1 de outubro.

Os acordos serán adoptados pola maioría simple dos asistentes con voz e voto, dirimindo os empates o voto de calidade do presidente.

Cada Tribunal poderá dispoñer a incorporación aos seus traballos de asesores especialistas, con voz e sen voto, limitándose os asesores a prestar a súa colaboración nas súas especialidades técnicas.

Os membros dos tribunais deberán absterse de intervir, comunicándolle á Alcaldía cando concorran neles algunha das circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, así como cando realizen tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas de acceso nos cinco anos inmediatamente anteriores á publicación desta convocatoria, consonte o disposto no artigo 13.2º do Real Decreto 634/1995, de 10 de marzo, do regulamente xeral de ingreso.

Así mesmo, os interesados poderán recusar ós membros do Tribunal cando, ó seu xuízo, concorran neles algunha das circunstancias previstas no parágrafo anterior, conforme ó artigo 24 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

#### **OITAVA.—SISTEMA DE SELECCION E CUALIFICACION**

O sistema de selección será de **CONCURSO-OPOSICIÓN**

**A puntuación máxima que se pode acadar neste proceso de selección é de 20 puntos.**

#### **FASE DE CONCURSO**

##### **Valoración de Méritos**

A tal efecto o Tribunal constituirase para examinar e valorar a documentación presentada polos aspirantes e cualificar os méritos alegados, de acordo co baremo contido nestas bases, na Casa do Concello.

**A puntuación máxima para a fase de valoración de méritos é de 8 puntos.**

A cualificación dos méritos realizarase de acordo co baremo seguinte:

**1.1.-EXPERIENCIA PROFESIONAL: Por servizos efectivamente prestados en empregos de similares características, ata un máximo de 4,00 puntos:**

- a) Por servizos prestados en calquera administración pública: 0,40 puntos/mes.
- b) Por servizos prestados en empresas privadas: 0,20 puntos/mes.

Non se computarán fraccións inferiores a meses completos.

A xustificación deste apartado farase:

- no caso de traballador por conta allea: coa presentación de copia cotexada de contratos de traballo e do Informe de Vida Laboral, proporcionado pola Tesourería Xeral da Seguridade Social, así como por calquera outro medio que permita ter constancia fidedigna da dita experiencia profesional na categoría profesional esixida nas presentes bases. Estes documentos poderán ser substituídos por un Certificado de Servizos, no caso de Administración, ou Certificado de Empresa, no caso de empresa privada, sempre que queden acreditados de forma clara e expresa, a ocupación, período traballado, e número de horas.

- no caso de traballadores autónomos: mediante o Informe de Vida Laboral, expedida pola Tesourería Xeral da Seguridade Social na que conste o epígrafe de cotización e Certificado de Epígrafes do IAE. De ser o caso, contrato de arrendamento de servizos ou calquera outro documento que acredite de forma clara e expresa a natureza da actividade.

- no caso de traballos realizados no estranxeiro: mediante certificación oficial na que conste a ocupación ou profesión exercida e coa categoría profesional esixida nas presentes bases e os seus períodos de tempo.

**1.2.- FORMACIÓN: Ata un máximo de 4,00 puntos****A) FORMACIÓN ACADÉMICA COMPLEMENTARIA**

**Titulacións académicas.**- Por **posuír titulacións académicas distintas da esixida** para participar no proceso de selección. En todo caso, **estas titulacións deberán complementa-la mínima esixida para acceder á selección e estar relacionada coas funcións a desenvolver**, por quen resulte seleccionado:

Ciclo Medio de FP ou equivalente (FP I): 1,25 puntos cada unha.

Ciclo Superior de FP ou equivalente (FP II): 1,50 puntos cada unha.

Diplomado Universitario: 1,75 puntos cada unha.

Licenciado Universitario: 2,00 puntos cada unha.

Título de grao: 2,00 puntos cada unha.

A puntuación máxima para este apartado é de **2,00 puntos**.

A xustificación deste, farase coa presentación de fotocopia e orixinal do título correspondente, fotocopia compulsada, ou co certificado acreditativo da súa obtención.

**B) FORMACIÓN COMPLEMENTARIA**

A puntuación máxima para este apartado será de **2 puntos**.

**B.1.- Cursos ou outra formación.**- Por cada curso, xornada, seminario etc. directamente relacionado coas funcións propias do emprego a que se opta realizados nas Administracións Públicas, Escolas de Administración Pública, Universidades, Inem, organizacións sindicais, así como, os cursos homologados que teñan informe favorable da Comisión da Formación Continua da Comunidade Autónoma de Galicia, da mesma forma, serán válidos aqueles cursos das distintas federacións deportivas recoñecidas polo Consello Superior de Deportes (a Lei 10/1990, do 15 de outubro, do Deporte, nos seus artigos 30 a 40 regulan as funcións das Federacións, onde entre estas destaca “Colaborar coa administración do estado e das CCAA na formación de técnicos deportivos”):

-Cursos de duración inferior a 10 horas non se baremarán.

-Cursos de 10 horas ata 50 horas: 0, 15 puntos por cada un.

-Cursos de mais de 50 horas e ata 100 horas: 0,25 puntos por cada un.

-Cursos de mais de 100 horas e ata 300 horas: 0,50 puntos por cada un.

-Por cada curso de máis de 300 horas: 0,65 puntos.

Neste subapartado presentarase o diploma orixinal (ou fotocopia compulsada) ou certificado (ou fotocopia compulsada) expedido pola organización da actividade. No mesmo deberá constar o número de horas. Se das características do diploma, en base á súa duración ou datos similares pode deducirse que supera as dez horas, o Tribunal poderá computalos como pertencentes ao suposto de 10 ata 50 horas. Os cursos que, a xuízo do Tribunal, non estean debidamente acreditados ou non teñan relación coas funcións propias do emprego, non serán puntuados.

A puntuación máxima para este subapartado é de **1,25 puntos**.

A xustificación deste, farase coa presentación de fotocopia e orixinal do título correspondente, fotocopia compulsada, ou co certificado acreditativo da súa obtención.

**B.2.- Coñecementos do idioma galego.**

Por cursos oficiais de lingua galega ou validación correspondente:

1.- Curso de iniciación ou equivalente (celga 3): 0,50 puntos.

2.- Curso de perfeccionamento ou equivalente (celga 4): 0,75 puntos.

De acreditar os dous só se validará o de nivel máis alto.

A xustificación deste, farase coa presentación de fotocopia e orixinal do título correspondente, fotocopia compulsada, ou co certificado acreditativo da súa obtención.

Puntuación máxima **0,75 puntos**.

A puntuación máxima para este subapartado é de **0,75 punto**.

**FASE DE OPOSICIÓN:**

As persoas aspirantes concorrerán provistos do seu DNI ou documento fidedigno acreditativo da súa identidade a xuízo do Tribunal e dos medios materiais necesarios para a práctica das probas, e serán convocados en chamamento único, quedando excluídos da oposición os que non comparezan, agás casos de forza maior debidamente xustificadas e apreciadas libremente polo Tribunal.

Os exercicios celebraranse a porta pechada sen outra asistencia que a dos opositores, membros do órgano de selección e os colaboradores designados por este.

O procedemento selectivo consistirá na realización do seguinte exercicio:

Este exercicio terá carácter obrigatorio e eliminatorio.

Fixar como proba de selección unha proba escrita que consistirá na redacción, o día da proba, nun tempo máximo de 1 hora e media, no lugar e hora que se indique na resolución provisional de admitidos/as e excluídos/as, dunha programación das escolas deportivas na que se avaliará aos aspirantes de acordo cos seguintes criterios de selección:

- Metodoloxía: ata 2 puntos
- Calidade da programación: ata 5 puntos
- Axuste á realidade da programación, isto é, a posibilidade de que esa programación levada á práctica se axuste á realidade: ata 5 puntos

**A puntuación máxima para este apartado é de 12,00 puntos, sendo necesario un mínimo de 6 puntos para poder superar a proba.**

#### **PROBA DE GALEGO:**

Será obrigatorio a superación dun exercicio, proba de galego para aqueles candidatos que non teñan acreditado xunto coa instancia de solicitude estar en posesión do certificado de Celga 2, equivalente ou superior.

Quedarán exentos da realización deste exercicio os aspirantes que coa instancia de solicitude presenten o certificado de Celga 2, equivalente ou superior, debidamente homologado polo órgano competente na materia de política lingüística da Xunta de Galicia, de conformidade co artigo 35 do Decreto legislativo 1/2008 do 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei da Función Pública de Galicia, modificado pola Lei 2/2009, do 23 de xuño.

Coa finalidade de cumprir co previsto no artigo 35 do Decreto legislativo 1/2008, de 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei da función pública de Galicia, este exercicio consistirá na tradución, sen dicionario, dun texto de castelán ao galego e/ou de galego a castelán, nun tempo máximo de 30 minutos.

Este exercicio valorarase como apto ou non apto, sendo necesario para superalo obter o resultado de apto, correspondéndolle ao Tribunal determinar o nivel de coñecementos esixido para acadar o resultado de apto.

#### **NOVENA.—PUBLICACIÓN DE RESULTADOS E LISTAXE DE RESERVAS**

A cualificación final das probas virá determinada pola suma das puntuacións obtidas na fase de concurso e oposición, establecendo a orde definitiva de aspirantes aprobados, publicando no taboleiro de anuncios a dita puntuación do proceso selectivo.

En caso de empate, unha vez obtida a puntuación final, o desempate realizarase en primeiro lugar, con base na maior puntuación da fase de oposición. Se persiste, en segundo lugar, dirimirase con base na maior experiencia profesional, en primeiro lugar na administración pública, e en segundo lugar na empresa privada. Se aínda así continua a persistir o empate, este dirimirase con base na formación académica complementaria, e se segue a continuar o empate, dirimirase a favor da persoa con maior puntuación en canto a cursos. Por último, se fose necesario, en base á orde alfabética dos apelidos, polo que se sorteará o día da proba da fase de oposición, a primeira letra a partir da que se realizará o citado desempate.

O Tribunal realizará unha proposta de resolución para o seu nomeamento ao candidato que máis puntuación obtivese, non podendo declarar que superou a selección un número de aspirantes superior ao número de empregos convocados.

Os restantes candidatos, pola orde de puntuación obtida, poderán ser contratados no caso de que o/a seleccionado/a non asine o contrato no prazo que se lle sinala ou ben renuncie ao emprego.

Confeccionarase unha listaxe de reservas para cubrir as posibles baixas xurdidas durante o período de contratación.

#### **DÉCIMA.—APORTACIÓN DE DOCUMENTOS**

Os aspirantes propostos presentarán na Secretaría do Concello, de non telos presentados con anterioridade, nos tres días hábiles seguintes ao da publicación da lista de aprobados, os seguintes documentos,:

a) Certificado médico oficial acreditativo de non padecer enfermidade ou limitación física ou psíquica que impida o normal desenvolvemento das súas funcións.

Se o aspirante proposto tivese a condición de discapacitado acreditará mediante certificado correspondente, que reúne as condicións necesarias para desempeñar as funcións do emprego.

b) Declaración xurada de non ter sido separado, mediante expediente disciplinario, do servizo de calquera das Administracións Públicas, nin atoparse inhabilitado para o exercicio de funcións públicas.



c) Declaración xurada de non atoparse incurso en ningunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade que determine a lexislación vixente.

d) Certificado de non estar condenado/a mediante sentenza firme por delitos de índole sexual.

e) Informe da Situación Administrativa e/ou Certificado de períodos de inscrición, ambos documentos actualizados e emitidos pola Oficina do Servizo Público de Emprego de Galicia oportuna, que acrediten que a persoa que se contratará provén de situación de desemprego ou de mellora de emprego.

Se no prazo sinalado, salvo os casos de forza maior, os aspirantes non presentasen a documentación esixida, non se poderá formalizar o contrato, quedando anuladas todas as actuacións sen prexuízo das responsabilidades en que se puidera incurrir por falsidade. Neste caso formularase proposta de nomeamento a favor do seguinte da listaxe.

#### **DÉCIMO PRIMEIRA.- FORMALIZACIÓN DO CONTRATO**

Presentada a documentación sinalada no apartado anterior o Presidente da Corporación, ditará resolución e formalizará o contrato laboral a favor das persoas propostas polo Tribunal no prazo máximo de dez días hábiles a contar dende a data en que remate o prazo de presentación dos documentos citados na base anterior.

#### **DÉCIMO SEGUNDA.— RECURSOS**

Contra a presente convocatoria, as súas bases e os actos de aplicación desta, poderá interpoñerse optativamente un dos seguintes recursos:

- Recurso de reposición ante o mesmo órgano autor do acto, no prazo de un mes, a partir do día seguinte ao da súa notificación ou publicación do acto ou acordo.
- Recurso Contencioso-Administrativo ante os órganos da orde xurisdiccional contencioso-administrativo que correspondan, consonte ao disposto nos artigos 8, 10 e 13 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa, no prazo de DOUS MESES contados dende o día seguinte ao da recepción da presente notificación, en harmonía co establecido no artigo 46 da devandita Lei.

#### **DÉCIMO TERCEIRA.—NORMA FINAL**

O Tribunal queda facultado para interpretar as Bases da Convocatoria, así como para resolver cantas dúbidas e incidencias presente a súa aplicación, e poderá adoptar os acordos necesarios procurando a boa orde e desenvolvemento do proceso selectivo.

**ANEXO I (modelo de instancia)**

D./D.<sup>a</sup>....., con  
 DNI....., nado/-a .....(data nacemento), veciño/-a  
 de....., con endereço en  
 ..... e teléfono/s de  
 contacto.....,

**EXPON:**

Que desexa ser admitido/-a ás probas selectivas de acceso para cubrir a contratación temporal, a tempo completo, de 1 emprego de axudante animador cultural, deportivo e social para a colaboración no Servizo de Cultura, Deporte e Servizos Sociais de conformidade coa convocatoria aprobada por Resolución da Alcaldía do \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2021.

Que coñece e acepta as bases que rexerán para a dita convocatoria, e declara que reúne todos e cada un dos requisitos esixidos nestas, referidos á finalización do prazo sinalado para a presentación de instancias.

Que non estou incurso/a en ningunha causa de incapacidade ou incompatibilidade, nin padezo enfermidade ou defecto físico/psíquico que me impida o desempeño deste emprego.

Así mesmo, declaro que non estou separada do servizo de ningunha Administración Pública por expediente disciplinario, nin inhabilitado/a por sentenza firme para o exercicio de funcións públicas.

Que achega coa solicitude a seguinte documentación ou xustificantes esixidos polas bases que rexen a convocatoria así como os xustificantes dos méritos alegados:(relación de documentación esixida e de méritos alegados):

**Por tanto SOLICITA:**

Que se teña por presentada a correspondente solicitude no prazo establecido e se lle admita a tomar parte nas probas selectivas para o emprego anteriormente indicado.

Mondoñedo,..... de ..... de 2021

(sinatura)

Mondoñedo, 31 de maio de 2021.- O Alcalde, Manuel Ángel Otero Legide.

R. 1634

#### *Anuncio*

Rendida a Conta Xeral para o exercicio 2020 e ditaminada pola Comisión Especial de Contas en sesión celebrada o día 31 de maio do 2021, a mesma, xunto co ditamen e documentos que a xustifican expóñese ao público na Secretaría-Intervención municipal, polo prazo de 15 días hábiles que computaranse a partir do día seguinte da publicación do seguinte anuncio no Boletín Oficial da Provincia, durante os cales e oito máis os interesados poderán formular por escrito as reclamacións, reparos ou observacións que estimen oportunas, tal e como se sinala no artigo 212.3 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facenda Locais.

Mondoñedo, 1 de xuño de 2021.- O alcalde, Manuel Ángel Otero Legide.

R. 1635

#### *Anuncio*

O 2 de xuño de 2021, ditouse Resolución de Alcaldía núm. 2021-0083, que literalmente di:

#### **“RESOLUCIÓN ALCALDÍA**

#### **CONVOCATORIA E BASES REGULADORAS DO PROCESO DE SELECCIÓN CONVOCADO PARA A BRIGADA DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS E CONDUTORES PARA VEHÍCULO MOTOBOMBA DO EXCMO. CONCELLO DE MONDOÑEDO**

O día 20 de xuño de 2019 subscribiuse un convenio Interadministrativo entre a Consellería do Medio Rural e o Concello de Mondoñedo para a participación na prevención e defensa contra incendios forestais durante o ano 2019 cofinanciado parcialmente co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER) no marco do PDR de Galicia 2014-2020, destinado a subvencionar o funcionamento dunha brigada efectiva composta de 5 membros por xornada de traballo, actuando un deles como responsable e coordinador do funcionamento desta para establecer as relacións operativas e de comunicación co Distrito Forestal ao que pertenza o Concello, así como a participación na defensa contra incendios forestais mediante a actuación de 1 vehículo motobomba durante 3 meses con matrícula C-2681-AU.

O día 18 de decembro de 2019 subscribiuse unha addenda, mediante a que se ampliaba o prazo de vixencia do convenio Interadministrativo entre a Consellería do Medio Rural e o Concello de Mondoñedo para a participación na prevención e defensa contra incendios forestais durante o ano 2019 cofinanciado parcialmente co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER) no marco do PDR de Galicia 2014-2020, ata o 31 de decembro de 2020, tamén para subvencionar o funcionamento dunha brigada efectiva composta de 5 membros por xornada de traballo, actuando un deles como responsable e coordinador do funcionamento desta para establecer as relacións operativas e de comunicación co Distrito Forestal ao que pertenza o Concello, así como a participación na defensa contra incendios forestais mediante a actuación de 1 vehículo motobomba durante 3 meses con matrícula C-2681-AU.

